Sant Yago de Compostela    Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
8 outono 57    Lugo

Meu querido e lembrado amigo: Por mor de viaxes, traballos e anguieiras non puden escribirlle deica hoxe. Dispenseme moito. Levaronme as letras suas a Trasalba farto gozo. É outo, emozoante o roteiro do seu discurso. "Sic itur...!" Axunta a isas raices como fios de lus entre a conciencia e a noite intuitiva, en Rosalia "estrelecida". Ha ser unha nau de por si ben aparellada e ha servire pra equipare outras boganteas naus. Falamos do mes dos Santos sin acordo algun. Mais convén que seña o inverno, dinantes do Nadal e millor serà o mes de Santos. Xa escribirei a Xunta de Goberno encol do caso..

Non esquecero unha faisca sua pra alumear unha visión novelistica das relacións de Sto Agostiño e Paulos Orosio.. Non falan os puelos pro sin o zaber.. Precisabe unhas semanas nun mosteiro, francés ou belga.

La versión de Lopez Ballesteros zoio lembro tela enxergado na despacho de Don Marcelo. Coidaba eu zaber mais de caso. Nen sei. Esculcarei na biblioteca universitaria.

Xa estou pra un seguemento de curso. Fita xunta gobernando a ventóima. Meus saudos a sua dona - b.l.p. - e lembranzas as nenas. Inda, son nenas entramos. Sempre de Vde admirador e vello amigo R. Otero Pedrayo

AC 112 1156-2